

PLENO 28.12.99.

Coefficiente de poboación : 1,3

Índice de situación:

- **Núcleo urbano, excepto nº 94 da Avda. Dona Urraca:** 0,6
(segundo Normas Subsidiarias).
- **Núcleos rurais tradicionais:** 0,5
(segundo Normas Subsidiarias).
- **Resto do municipio e nº 94 da Avda. Dona Urraca:** 1,2

Bonificacións:

- Polo inicio de actividades empresariais, profesionais, ou artísticas no municipio a partir do ano 2000:
 - 1º ano bonificación do 75%
 - 2º ano bonificación do 50%
 - 3º ano bonificación do 25 %

PLENO 29.09.2000.

Coa finalidade de adaptar a Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Actividades Económicas ó previsto na Lei de Medidas Fiscais administrativas e de Orde Social 50/1998. Suprimese o apartado onde dí :

"Bonificacións:

Polo inicio de Actividades empresariais, profesionais, ou artísticas no municipio a partir do ano 2000.

1º ano bonificación do 75%

2º ano bonificación de 50 %

3º ano bonificación de 25 % "

Quedando redactado do seguinte xeito:

Bonificacións:

"Establecese unha bonificación do 50 por cento da cuota tributaria, durante ós cinco primeiros anos, a quenes inicien o exercicio de calquera actividade empresarial e tributen por cuota mínima municipal"

PLENO 22.02.02

"Bonificacións:

Establécese unha modificación do 50 por cento da cuota tributaria durante os cinco primeiros anos, a quenes inicien o exercicio da calquera actividade empresarial e tributen por cuota mínima municipal, debendo solicitar dita bonificación no prazo máximo de dez días, a contar dende a data da solicitude de Alta na Administración da Axencia Tributaria"

PLENO 26.04.02

1º) Aprobar inicialmente a modificación da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS, introducindo as modificacións seguintes:

Queda redactada, en canto ó Coeficiente de Poboación e o Índice de Situación, do seguinte xeito:

-COEFICIENTE DE POBOACIÓN: 1,3

-ÍNDICE DE SITUACIÓN (segundo as Normas subsidiarias):

modificada BOP 23-12-2003

“- Núcleo urbano, agás aqueles terreos cualificados como “solo urbano industrial” con aplicación da Ordenanza nº 7 das normas Subsidiarias: 1,3.

- Resto do municipio e terreos cualificados como “Solo urbano industrial” con aplicación da Ordenanza nº 7 das normas Subsidiarias: 1,6.”